

REGULAMENTO POLO QUE SE CREA A SEDE ELECTRÓNICA DA UNIVERSIDADE DE VIGO

TÍTULO I. A SEDE ELECTRÓNICA

Artigo 1. Obxecto

Artigo 2. Ámbito de aplicación

Artigo 3. Titularidade, dirección electrónica e órganos encargados da súa xestión, coordinación e supervisión

Artigo 4. Principios xerais

Artigo 5. Disponibilidade

Artigo 6. Contido da Sede Electrónica

Artigo 7. Procedementos administrativos electrónicos

Artigo 8. Formulación de suxestións e queixas

Artigo 9. Perfil do contratante

TÍTULO II. A COMISIÓN DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

Artigo 10. A Comisión da Administración Electrónica

TÍTULO III. IDENTIFICACIÓN, AUTENTICACIÓN E SEGURIDADE

Artigo 11. Identificación da Sede

Artigo 12. Selos electrónicos

Artigo 13. Identificación dos cidadáns

Artigo 14. Representación

Artigo 15. Seguridade

Artigo 16. Protección de datos.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Primeira

Segunda

Terceira. Posta en marcha do Rexistro Electrónico

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

Primeira

DISPOSICIÓN FINAL

TÍTULO I

A SEDE ELECTRÓNICA

Artigo 1. Obxecto

1. O presente regulamento ten por obxecto a creación e regulación do funcionamento da Sede Electrónica da Universidade de Vigo, co fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 3 do Real Decreto 1671/2009, de 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a lei 11/2007, de 22 de xuño, de Acceso Electrónico dos Cidadáns aos Servizos Públicos.
2. A Sede Electrónica é aquela dirección electrónica dispoñible para a cidadanía a través de redes de telecomunicacións cuxa titularidade, xestión e administración corresponde á Universidade de Vigo no exercicio das súas competencias.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

Se circunscribe á totalidade de órganos e unidades que integran a Universidade de Vigo e polo tanto a todos os contidos.

Artigo 3. Titularidade, dirección electrónica e órganos encargados da súa xestión, coordinación e supervisión

1. A titularidade da Sede Electrónica da Universidade de Vigo corresponde á propia Universidade de Vigo, que será responsable da súa seguridade, integridade, veracidade e actualización da información e os servizos aos que poda accederse a través de ela.
2. A dirección electrónica de referencia da sede será: <https://sede.uvigo.es>. (gal) En todo caso existirá un enlace á Sede na páxina web da Universidade de Vigo www.uvigo.es.
3. A xestión tecnolóxica da Sede será competencia da Vicerreitoría competente en materia de novas tecnoloxías. As condicións e especificacións técnicas serán publicadas na citada Sede.
4. A coordinación e supervisión da Sede corresponde á Secretaría Xeral e a Xerencia no exercicio das súas respectivas funcións e competencias.

Artigo 4. Principios xerais

A Sede Electrónica da Universidade de Vigo funcionará de conformidade cos principios de responsabilidade e calidade na veracidade e autenticidade das informacións e servizos nos termos do artigo 4 da lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Artigo 5. Dispoñibilidade

1. A Sede Electrónica da Universidade de Vigo estará dispoñible todos os días do ano, durante as vinte e catro horas do día, sen prexuízo das interrupcións técnicas que sexan imprescindibles.
2. As interrupcións programadas serán comunicadas aos usuarios, coa antelación que sexa posible, na páxina web oficial da Universidade de Vigo e na mesma Sede Electrónica.
3. Se a Sede Electrónica da Universidade de Vigo non estivera dispoñible no día de remate do prazo dun procedemento administrativo da Universidade de Vigo, dito prazo considerarase automaticamente prorrogado ao seguinte día no que a Sede Electrónica estea operativa. Neste caso, cando fora posible, porase un aviso na Sede Electrónica coa cuestión e o novo prazo para o procedemento. O exposto neste punto non será aplicable no caso de que a falta de dispoñibilidade se deba a causas alleas á Universidade de Vigo.

Artigo 6. Contido da Sede Electrónica

1. A Sede Electrónica da Universidade de Vigo terá, ao menos, os seguintes contidos:
 - a) Información actualizada sobre a Sede Electrónica, na que se incluírá a súa normativa reguladora, coa identificación, de forma claramente lexible, do órgano responsable da súa xestión e administración, así como a normativa xeral da Universidade de Vigo.
 - b) Información necesaria para a correcta utilización da Sede incluíndo o mapa da Sede Electrónica ou información equivalente.
 - c) O catálogo de procedementos e servizos administrativos que podan ser tramitados a través de medios electrónicos.
 - d) O Rexistro Electrónico da Universidade de Vigo e a súa norma de creación.
 - e) O Taboleiro Electrónico oficial.
 - f) O “perfil de contratante” e demais servizos previstos pola normativa de contratos do sector público. A forma de acceso a este perfil de contratante realizarase a través da Sede Electrónica, e especificarase na páxina web institucional e nos pregos e anuncios de licitación.
 - g) Un medio a través do cal os usuarios poidan formular as queixas e suxestións que estimen conveniente relacionadas co funcionamento da Sede Electrónica da Universidade de Vigo, o seu contido e os servizos ofrecidos nela.
 - h) Información relacionada coa protección de datos de carácter persoal, incluíndo un enlace coa sede electrónica da Axencia Española de Protección de Datos.

- i) Información sobre accesibilidade.
 - j) A relación de certificados electrónicos correspondentes aos selos electrónicos utilizados pola Universidade de Vigo na actuación administrativa automatizada.
 - k) Información xeral dos medios postos á disposición da cidadanía para o acceso electrónico aos servizos públicos da Universidade de Vigo, en particular sobre sistemas de sinatura electrónica admitidos para relacionarse con ela a través de medios electrónicos, e sobre as condicións xerais da súa utilización e os instrumentos necesarios para comprobar a validez dos documentos asinados mediante este procedemento.
 - l) Data e hora oficiais polas que se rexe a sede electrónica da Universidade de Vigo.
 - m) Servizos de axuda e asesoramento electrónico para a correcta utilización da sede electrónica.
 - n) Calquera información ou servizo que se determinen mediante resolución da Secretaría Xeral da Universidade de Vigo.
2. Dende a sede electrónica poderase acceder mediante enlaces a outras informacións ou servizos que, por non reunir os requisitos necesarios, non forman parte da mesma. Nestes casos, o usuario será advertido expresamente deste feito, quedando exenta a Universidade de Vigo de toda responsabilidade polas consecuencias derivadas da utilización destes enlaces.

Artigo 7. Procedementos administrativos electrónicos

1. O catálogo de procedementos administrativos susceptibles de ser tramitados a través de medios electrónicos estará situado de forma claramente visible na páxina da Sede Electrónica.
2. En cada procedemento poderase acceder á información xeral relativa ao mesmo, que, en todo caso, deberá conter as instrucións xerais para a tramitación, o órgano competente, os efectos do silencio administrativo e os recursos que proceden contra a resolución e órgano ante o que se terían que interpoñer, con indicación dos prazos.
3. A incorporación ou supresión dun novo procedemento administrativo e da aplicación informática que o sustente corresponderá á Vicerreitoría competente en materia de novas tecnoloxías, en coordinación coa Secretaría Xeral, previo o seu estudo pola Comisión da Administración Electrónica.
4. A xestión de cada un dos procedementos e servizos accesibles dende a Sede Electrónica corresponderá ás unidades administrativas competentes da súa tramitación, debendo garantir a veracidade e actualización da información que sobre eles se ofrece na Sede. A estes efectos, deberán comunicar ao Responsable da Sede Electrónica todos os cambios e actuacións que se produzan nos procedementos e na normativa que os regula.

Artigo 8. Formulación de suxestións e queixas

1. Habilitarase un formulario para que os usuarios poidan presentar as queixas e suxestións que estimen oportunas e estean relacionadas coa tramitación electrónica dos procedementos administrativos. O enlace a dito formulario deberá figurar na páxina principal da Sede.
2. Todas as consultas que se formulen sobre o acceso a través de medios electrónicos aos servizos da Universidade de Vigo serán contestadas nun prazo máximo de 10 días. As consultas que se realicen sobre materias distintas ás do apartado 1 deste artigo non serán resoltas, senón que serán reenviadas ao órgano ou servizo correspondente da Universidade de Vigo, sendo informados os consultantes desta circunstancia.
3. A presentación dunha queixa ou suxestión non suporá o inicio dun procedemento administrativo; esta circunstancia será advertida expresamente á persoa interesada, coa indicación da necesidade de utilizar os rexistros oficiais para a presentación de solicitudes administrativas.
4. Non se considerarán medios aptos para a formulación de suxestións e queixas os servizos de asesoramento ao usuario para a correcta utilización da sede, sen prexuízo do seu deber de atender os problemas técnicos que susciten os cidadáns e as cidadás.

Artigo 9. Perfil do contratante

1. O perfil do contratante da Universidade de Vigo ten como fin garantir a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade nos casos esixidos polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, ou nos que se decida voluntariamente polo órgano de contratación.
2. A Universidade de Vigo difundirá, a través de internet, o seu perfil de contratante. A forma de acceso se realizará a través da Sede Electrónica, e se especificará na páxina web institucional e nos pregos e anuncios de licitación.
3. O perfil do contratante incluírá calquera datos e informacións referentes a súa actividade contractual, tales como:
 - a) Licitacións abertas ou en curso.
 - b) Documentación relativa ás licitacións.
 - c) A adxudicación dos contratos.
 - d) Procedementos anulados.
 - e) Calquera outra información útil de tipo xeral.

4. O perfil do contratante contará cun mecanismo que permita acreditar fehacientemente o momento de inicio da difusión pública da información que se inclúa no mesmo.
5. A difusión a través do perfil do contratante da información relativa aos procedementos de adxudicación de contratos surtirá os efectos previstos no Título I do Libro III do Real Decreto Legislativo 3/2011.

TÍTULO II

A COMISIÓN DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

Artigo 10. A Comisión da Administración Electrónica

1. A Comisión da Administración electrónica da Universidade de Vigo é o órgano que terá as máximas competencias decisorias para o impulso e implantación da administración electrónica, así como velar polo cumprimento dos principios e dereitos dos cidadáns recollidos na normativa de aplicación.
2. A Comisión elevará ao Consello de Goberno un informe anual sobre o grao de implantación da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, os acordos adoptados pola Comisión e medidas para a súa execución, as queixas e suxestións formuladas e as solucións adoptadas, así como sobre calquera outra materia cuxa inclusión considere de interese a Comisión.
3. A Comisión da Administración Electrónica estará composta por:
 - a) O Reitor ou Reitora, ou vicerreitor ou vicerreitora en que delegue, que a presidirá.
 - b) O Vicerreitor ou Vicerreitora competente en materia de novas tecnoloxías, ou persoa en quen delegue.
 - c) O/a Xerente, ou persoa en quen delegue.
 - d) O secretario ou secretaria xeral, ou persoa en quen delegue.
 - e) O director ou directora da Área das Tecnoloxías de Información e Comunicaci3ns
 - f) Responsable de calidade
 - g) Tres persoas responsables de xefaturas de área, servizo ou unidade, designados polo reitor ou reitora.
4. A Comisión reunirse a instancias do seu Presidente ou Presidenta e poderá invitar ás súas reunións, cando sexa preciso, a Profesores/as e Investigadores/as especialistas na materia, a outros Directores e Directoras de Área, Xefes e Xefas de Servizos e Unidades Administrativas da Universidade, así como a calquera outra persoa que considere conveniente para o desenvolvemento das súas funcións.

5. A Comisión exercerá as súas funcións de acordo co capítulo II da lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común, e cos estatutos da Universidade de Vigo.

TÍTULO III

IDENTIFICACIÓN E AUTENTICACIÓN

Artigo 11. Identificación da Sede

A Sede Electrónica da Universidade de Vigo identificarase a través dun certificado específico de dispositivo seguro ou medio equivalente que permita identificar a Sede Electrónica. O certificado da Sede Electrónica terá como finalidade exclusiva a identificación da mesma.

Artigo 12. Selos electrónicos

1. Cando a actuación administrativa se realice de forma automatizada poderá utilizarse o selo electrónico da Universidade de Vigo ou o correspondente ao órgano administrativo que teña atribuída a competencia para levala a cabo.
2. Na Sede Electrónica da Universidade estará dispoñible a relación de certificados electrónicos correspondentes aos selos electrónicos utilizados, así como as medidas adecuadas para facilitar a verificación dos mesmos.
3. No suposto de creación de selos electrónicos vinculados a órganos administrativos realizarase mediante resolución da Secretaría Xeral da Universidade, previa a súa aprobación pola Comisión da Administración Electrónica. Dita resolución haberá de sinalar o órgano titular que será responsable da súa utilización, as características técnicas xerais do sistema de sinatura e certificado, o servizo de validación para a verificación do certificado e as actuacións e procedementos nos que poderá ser utilizado.
4. O selo electrónico incorporará unha referencia específica á Universidade de Vigo.
5. Corresponde ao Secretario Xeral ou á Secretaria Xeral a custodia dos selos electrónicos da Universidade de Vigo. A resolución reitoral de aprobación do procedemento electrónico conterá a autorización para a súa utilización nese concreto procedemento.

Artigo 13. Identificación dos cidadáns

1. Para acceder aos servizos ofrecidos dende a Sede Electrónica, os cidadáns poderán utilizar calquera dos sistemas de sinatura electrónica establecidos na lei 11/2007 e no Real Decreto 1671/2009, admitidos pola Universidade de Vigo, cuxa información estará dispoñible na Sede Electrónica, debéndose utilizar sistemas de sinatura avanzada baseada en certificado electrónico recoñecido, incluíndo os incorporados ao DNI electrónico, para a realización de aquelas actuacións que requiran asegurar a integridade e autenticidade de documentos electrónicos.

2. Para as actuacións e trámites que deban realizar as persoas xurídicas poderán utilizarse os certificados a que se refire o artigo 7 da lei 59/2003, de 19 de decembro, de Firma Electrónica, modificada pola lei 56/2007, de 28 de decembro, de Medidas de Impulso da Sociedade da Información, no caso de todos aqueles procedementos e actuacións da Universidade para os que se admitan.
3. Mediante resolución da Secretaría Xeral, previo a súa aprobación pola Comisión da Administración Electrónica, poderá autorizarse, para determinados procedementos e actuacións, a utilización de outros sistemas de sinatura electrónica non criptográficos. Na Sede Electrónica publicaranse aqueles procedementos para os que podan utilizarse.
4. Publicaranse na Sede Electrónica a relación de sistemas de sinatura e certificados electrónicos admitidos e os procedementos para os que son válidos.

Artigo 14. Representación

1. A universidade poderá habilitar, con carácter xeral ou específico, as persoas físicas ou xurídicas autorizadas para a realización de determinadas transaccións electrónicas en representación dos interesados. Dita habilitación realizarase de acordo co réxime establecido nos artigos 13 e 14 do Real Decreto 1671/2009, de 6 de novembro.
2. A representación habilitada só permitirá a presentación de solicitudes, escritos ou comunicacións nos rexistros electrónicos correspondentes ao ámbito da habilitación.

Artigo 15. Seguridade

1. A Sede Electrónica estará dotada das medidas de seguridade que garantan a confidencialidade, autenticidade e integridade do seu contido, así como o acceso permanente a ela, con suxeición aos requisitos previstos na Ley 11/2007, de Acceso Electrónico de los Ciudadanos a los Servicios Públicos, desenvolvida polo Real Decreto 3/2010, de 8 de xaneiro, por el que se regula Esquema Nacional de Seguridad en el ámbito de la Administración Electrónica, ou as disposicións que, no seu caso, as substitúan.
2. A Sede Electrónica fará uso dos mecanismos necesarios, como a sinatura electrónica, o selado de tempo e outros explicitados nela, para acreditar fehacientemente a constancia da transmisión e recepción das comunicacións, das súas datas, do contido íntegro das mesmas e a identificación fidedigna do remitente e o destinatario, así como do momento de inicio da difusión pública da información que aloxe, no seu caso.

Artigo 16. Protección de datos

Os datos de carácter persoal proporcionados polos cidadáns e cidadás que accedan á sede electrónica serán incorporados aos ficheiros que conteñen datos de carácter persoal titularidade da Universidade de Vigo debidamente inscritos no Rexistro de ficheiros da Axencia Española de Protección de Datos.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Primeira

A lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, o Real Decreto 1671/2009, de 6 de novembro, polo que se desenvolve a citada lei 11/2007, así como a restante normativa vixente, serán de aplicación en todo o non contemplado no presente regulamento.

Segunda

Facúltase á Secretaría Xeral para interpretar e desenvolver o presente regulamento, ditando cantas instrucións sexan necesarias para a súa correcta aplicación, debéndose publicar na Sede Electrónica.

Terceira. Posta en marcha do Rexistro Electrónico

O Rexistro Electrónico entrará en funcionamento no momento que determine a Secretaría Xeral en coordinación coa Vicerreitoría competente en materia de tecnoloxías da información. A partir de dito momento habilitarase o seu acceso mediante a Sede Electrónica da Universidade Vigo.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

Primeira

- 1.** A Sede Electrónica que se crea no presente regulamento comezará a operar no momento que determine a Secretaría Xeral, en coordinación coa Vicerreitoría competente en materia de tecnoloxías da información e a Xerencia. A partir de dito momento a Sede Electrónica estará accesible dende a páxina web da Universidade de Vigo.
- 2.** Mediante resolución da Secretaría Xeral poderase concretar o procedemento de inserción ou resolver as dúbidas que se presenten nel.

Segunda

A Universidade de Vigo irá estendendo progresivamente o número de procedementos, trámites e actuacións que poidan solicitarse e tramitarse por procedementos electrónicos, así como a posibilidade da cidadanía de comunicarse e ser notificada electronicamente nas actuacións relativas a aqueles. A Sede Electrónica conterá en todo momento o catálogo actualizado de procedementos, trámites e actuacións susceptibles de tramitación electrónica.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente regulamento entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.